



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Consellería do
Medio Rural e do Mar

Edificio administrativo Monelos
Vicente Ferrer, 2
15071 A Coruña

galicia



A Coruña, 21-08-2012 agv

Secretario Xeral de Montes e Medio Rural
Consellería do Medio Rural e do Mar
San Lázaro, s/n
15703 Santiago

Asunto: Reclamación previa á vía xudicial monte "Cuns" (Coristanco) CUP 372

Dando cumprimento ao disposto no artigo nº 60 do Decreto 485/1962 do 22 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de montes, achégase fotocopia do escrito acordando a terminación do procedemento e arquivo do expediente relativo á reclamación previa á vía xudicial civil, presentada por Dña. María Deibe Cal na representación acreditada, sobre a reclamación da propiedade de 98 predios incluídos no monte CUNS (CUP 372) de Coristanco.

O XEFE TERRITORIAL,



Antonio Manuel Aguión Fernández





XUNTA DE GALICIA

**DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA**

Xefatura Territorial da Consellería do
Medio Rural e do Mar

Edificio administrativo Monelos
Vicente Ferrer, 2
15071 A Coruña

galicia

A Coruña, 21-08-2012

agv

Dña.. María Deive Cal
c/ Doctor Maceira, 13 baixo
15706 Santiago

Asunto: Reclamación previa á vía xudicial monte "Cuns" (Coristanco) CUP 372

ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- Por Orde Ministerial de 11-01-1966 (BOE 08-03-66), aprobouse o deslinde do monte de U.P. "Cuns"(Coristanco) nº 372 do CUP da provincia da Coruña, propiedade do Concello de Coristanco.

II.- Con data de entrada no rexistro único da Xunta do 10/07/2012, Dña. María Deive Cal, actuando en representación de Clementina García Brandullas; Manuel García Busto; María Josefa García Espasandin, José Mouro Rial e María Encarnación Rial García, presenta reclamación previa á vía xudicial en relación coa propiedade de 98 predios rústicos ubicados no interior do monte de U.P. "Cuns".- Achéganse coa reclamación fotocopias de documentación relacionada coa propiedade e planimetría.

III.- Con data 23/07/2012 o enxeñeiro de montes, xefe de área de montes públicos, remitiu informe, no que fai constar falta de concordancia entre a reclamación presentada e a planimetría adxunta. Así mesmo achega plano de ubicación das parcelas reclamadas, dentro do monte Cuns

IV.- Con data 01/08/2012, dando cumprimento ao disposto no artigo 59 do Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, polo que se aproba o regulamento de montes, púxose de manifesto o expediente, con traslado da reclamación, ao concello de Coristanco, como titular do monte "Cuns" non exercendo o seu dereito a formular alegacións, entendéndose de conformidade co artigo 60.1 da dita norma, a súa oposición tácita á reclamación, e consecuentemente expedita á vía xudicial civil.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Decreto 45/2012, de 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do medio rural e do Mar. Artigo 6 da lei 6/2001, de 29 de xuño e n relación co artigo 12.3 da lei 30/1992 do 26 de novembro. Lei 30/1992 do réxime xurídico das administracións públicas e do PAC (artigos 121 a 124). Lei 43/2003, de 21 de novembro, de montes no seu artigo 18.



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Consellería do
Medio Rural e do Mar

Edificio administrativo Monelos
Vicente Ferrer, 2
15071 A Coruña

galicia

Artigo 60.1 do Regulamento de montes (Decreto 485/1962) que di que si a entidade propietaria se opón, expresa ou tacitamente, como neste caso, á reclamación, darase por terminado o procedemento e arquivarase o expediente, dándose conta polo servizo forestal á Dirección Xeral de montes e notificándollo ó interesado, co que quedará expedita a vía xudicial.

Por conseguinte e de conformidade co disposto na normativa antedita,

PROCEDE dar por terminado o procedemento e consecuente arquivo do expediente, quedando expedita a vía xudicial civil, a fin de exercitar as accións xudiciais convintes á defensa dos seus intereses. En tanto non se dite, de selo caso, sentenza recoñecendo outra titularidade, os predios obxecto de reclamación forman parte do monte "Cuns", nº 372 do CUP, de titularidade do Concello de Coristanco.



Assinado por Manuel Aguión Fernández